

EXPEDIENTE: 2024/G003/000248

ASUNTO: CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES CONTRATACIÓN LABORAIS TEMPORAIS DE CONSERXES.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACTUALIZACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

A Resolución da Alcaldía 242/2020 de 18 de setembro de 2020 resolveu entre outros aceptar a proposta formulada polo Tribunal Cualificador encargado da selección para a confección dunha bolsa de emprego para posibles contratación laborais temporais de conserxes.

A selección foi regulada polas Bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 36/2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP número 45 do 6 de marzo de 2020).

A base oitava das que regulan o proceso selectivo establece entre outros: *“Os chamamentos das persoas aspirantes faranse mediante notificación electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, anunciada mediante chamada telefónica e correo electrónico simultaneamente, entre as 8:00 e as 15:00 horas e o/a funcionario/a que os efectúe fará constar mediante dilixencia a súa realización e se tivo ou non resposta, dando un prazo de tres días hábiles para aceptar ou renunciar. A falta de resposta no prazo indicado supón, agás casos de forza maior debidamente acreditados, a exclusión da bolsa de emprego.”*

Efectuados chamamentos os días 12 e 13 de xaneiro de 2022 resultou que DFD e MRA rexeitaron o chamamento por estar prestando servizos noutra Administración pública, en ambos casos aportaron a documentación xustificativa que lles permite conservar a súa orde de prelación na bolsa de emprego. Realizado chamamento a BPR, resultou que mostrou a súa dispoñibilidade, e así o comunicou no correo electrónico do 13/01/2022 ás 15:25 horas; practicada a notificación do chamamento, non presentou a documentación requirida polo que procede declaralo excluído da bolsa de emprego en aplicación do disposto na citada base oitava.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación, e ao abeiro do previsto nas Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 23/2022 de 27 de xaneiro de 2022, **RESOLVO:**

Primeiro.- Actualizar a bolsa de emprego para posibles contratación laborais temporais de conserxes do Concello de Dodro, cuxa orde de prelación queda establecida do seguinte xeito:

Núm. Orde	Apelidos e nome	DNI
1	Q.R.J.	*****265N
2	D.F.D.	*****252S
3	M.R.A.	*****370K
4	M.C.S.	*****836Z
5	C.R.A.	*****434M
6	A.C.N.	*****781M
7	R.N.M.	*****364B

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*